

PIPPI MEDIASLONGAS EMBARCA

Texto de **ASTRID LINDGREN**

Ilustracións de **INGRID VANG NYMAN**

Tradución de **DAVID A. ÁLVAREZ MARTÍNEZ**

Encadernado en cartón. 16 x 23,5 cm. 128 páx. 17 €

ISBN 978-84-8464-423-1. Sete Leguas +

MEDALLA HANS CHRISTIAN ANDERSEN

Como podía el saber que a nena non tiña nai? E tampouco tiña pai, ou polo menos non o tiña naquela casa. Vivía soíña en Vilapanela. Aínda que para ser exactos, non completamente soa, porque o seu cabalo vivía na solaina, e tiña, ademais, un moniño chamado Señor Nilsson. Pero alguén que chegase desde outros lugares non tería nin idea diso...

Pippi Mediaslongas ten a capacidade de converter nunha aventura abraiante calquera cousa que faga, dende ir de compras ata facer unha excursión. Canda os seus inseparables Tommy e Annika, o cabalo e o señor Nilsson, Pippi xoga a ser como Robinson Crusoe indo ata a illa dun pequeno lago, onde mesmo lanza unha mensaxe de rescate nunha botella. Porque así é esta nena especial e única: explora os límites da audacia e da imaxinación, cuestiona a lóxica establecida, fai da espontaneidade e do humor a súa bandeira.

Coa visita do seu pai, Efraim Mediaslongas, Pippi ten a intención de viaxar con el ata a illa de Korakora, onde o capitán é o rei. A posibilidade de que Vilapanela deixe de ser o seu fogar, un lugar pleno de liberdade e diversión, enche de tristura os seus amigos.

«Pippi Mediaslongas embarca» é a continuación dun primeiro volume que figura na Lista de Honra IBBY 2020 na categoría de tradución e que, neste mesmo apartado, tamén recibiu o Premio Gala do Libro 2018. A recuperación deste clásico, que conta igualmente coas ilustracións orixinais e restauradas de Ingrid Vang Nyman, permite seguir gozando das extravagancias deste figura icónica da literatura contemporánea: rebelde, transgresora e desclasada, independente, simpática e extrovertida, Pippi rompe estereotipos e actúa de forma contestataria fronte aos maiores. Moitos adultos -ben no ámbito da literatura, ben da educación- escandalizáronse polos xestos e comentarios do personaxe e tildárono de mal exemplo para a infancia. Sen embargo, o éxito da obra literaria foi imparable, dando lugar a unha serie na televisión sueca e varias películas.



- **Temática:** as aventuras dunha nena rebelde, transgresora e divertida.
- **Idade recomendada:** desde 6 anos.
- **Aspectos destacables:** humor, aventuras, imaxinación; clásico da literatura infantil; autora galardoada en 1958 coa Medalla Hans Christian Andersen pola súa traxectoria, na que destaca a triloxía «[Pippi Mediaslongas](#)», que se completa con «[Pippi Mediaslongas nos Mares do Sur](#)» (Kalandraka).
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/pippi-mediaslongas-embarca-g>

Astrid Lindgren

(Suecia, 1907 - 2002)

Astrid Anna Emilia Ericsson naceu nunha granxa de Nås, na provincia sueca de Småland. Afeccionada a escribir dende moi nova, foi autora de máis de 60 libros pioneiros na defensa dos dereitos da infancia e das mulleres, da igualdade, da non violencia, da natureza e dos animais. Escribiu «[Pippi Mediaslongas](#)» para a súa filla Karin mentres estaba convalecente e a obra foi publicada en 1945. Converteuse nun texto de referencia en todo o mundo e foi traducido a numerosas linguas. Entre os moitos recoñecementos que recibiu Astrid Lindgren destacan o Premio Nacional de Literatura de Suecia (1957), o Premio Hans Christian Andersen (1958), a Medalla de Ouro da Academia Sueca (1971), o Premio da Paz dos libeiros alemáns (1978) e o Premio Internacional do Libro da Unesco (1993). En 2003 o goberno sueco instaurou o Premio Memorial Astrid Lindgren, o máis importante no eido da literatura infantil e xuvenil.
<http://www.astridlindgren.com>

Ingrid Vang Nyman

(Dinamarca, 1916 - 1959)

Estudou na Real Academia Danesa de Belas Artes. A súa produción artística máis importante pertence ao período entre 1945 e 1952, vencellado sobre todo ás súas ilustracións de Pippi Mediaslongas, aínda que non tivo tanto recoñecemento como a autora malia estar considerada unha pioneira na revolución da ilustración de libros infantís. Astrid Lindgren dixo dela: "Calquera que tivese a sorte de atopar un ilustrador axeitado para o seu libro, debería estarlle eternamente agradecido a ese artista".